

ORDENANZA FISCAL NÚM. 7

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS.

Artigo 1º. Natureza e feito imponible

De conformidade co previsto nos artigos 79 e seguintes da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais (LFL), o imposto de actividades económicas é un tributo obrigatorio, directo e de carácter real, que grava o mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non nun local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º. Exencións

- 1.- Están exentos do imposto ou suxeitos pasivos previstos no artigo 83.1 da LFL.
- 2.- As exencións específicas nas letras b), e), f) do devandito artigo 83.1 terán carácter rogado.

Artigo 3º. Bonificacións.

Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no art. 89.1 da LFL.

Artigo 4º. Procedemento de concesión dos beneficios fiscais.

As solicitudes para o recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado presentaranse nos impresos para tal efecto nas oficinas de xestión, recadación e inspección da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, acompañados da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos.

Artigo 5º.- Coeficientes de situación

1.- Para os efectos previstos no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro , reguladora das facendas locais, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais:

Categoría 1ª

Parque Empresarial
Marbán
Serra
Villalvesa
Pereiro

Categoría 2ª

Resto do Municipio.

2.- Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación, previsto no artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e atendendo a categoría fiscal da vía pública donde radica físicamente o local ou sitio donde se realiza a actividade económica, establécese a seguinte escala de coeficientes:

Categorías fiscais das vías públicas	1 ^a	2 ^a
Coefficientes de situación aplicable	3,8	2

3.- O coeficiente de situación aplicable a calquer local vén determinado polo correspondente á categoría da rúa onde este situado o acceso e, de haber varios, aquela que teña o índice máis alto.

Artigo 6º. Período impositivo e data de esixibilidade do imposto

1.- O período impositivo coincide co ano natural agás cando se trate de declaracións de alta. Neste caso abranguerá desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto será esixible desde o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

3.- Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o dito cesamento. Para este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais en que non se exerce a actividade.

Artigo 7º.- Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da LXT.

Disposición adicional

Todas as referencias efectuadas nas ordenanzas fiscais ós índices de situación regulados na Ordenanza fiscal do imposto de actividades económicas mediante a anterior redacción do artigo 89 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, entenderanse efectuadas ó coeficiente regulado no artigo 88 da dita Lei 39/1988, na súa redacción vixente, así como na vixente Ordenanza fiscal número 5, do imposto de actividades económicas.

Disposición derradeira

A presente ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2003. Comenzará a rexer o día 1 de xaneiro de 2004, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.